

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE SANXENXO, A EMPRESA MUNICIPAL TURISMO DE SANXENXO, S.L. E A "UTE XG-626", PARA A IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS DE FOMENTO DA MOBILIDADE COMO COMPLEMENTO DA PROMOCIÓN TURÍSTICA**

### **1. Antecedentes**

O Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello de Sanxenxo, a empresa municipal Turismo de Sanxenxo, S.L., e a UTE XG626, renóvase coa finalidade de reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte público de viaxeiros por estrada de titularidade autonómica para satisfacer as necesidades da poboación do Concello de Sanxenxo, especialmente na tempada estival, na que a poboación deste concello vese incrementada considerablemente.

### **2. Obxecto**

O convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre as tres partes para a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU) coas características recollidas no anexo I do convenio e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

### **3. Finalidade e xustificación**

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación dun servizo de transporte público en tempada estival como complemento da promoción turística, coas características recollidas no Anexo I do citado Convenio, e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

O municipio de Sanxenxo constitúe un importante punto de destino turístico dentro do enclave das Rías Baixas na comarca do Salnés, que durante o período estival ve incrementado de forma exponencial o número de habitantes, chegando incluso a quintuplicar a poboación, o que xera un elevado volume de desprazamentos no municipio e localidades limítrofes





que propicia incrementos na conxestión do tráfico, demoras, accidentes e problemas ambientais.

As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como premisa esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro dos propios concellos considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Nesta liña, constatouse tanto unha necesidade de mobilidade colectiva dentro do concello de Sanxenxo, nas que cómpre reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte públicos de viaxeiros por estrada, como a vantaxe que suporá para a promoción turística deste concello unha mellora no transporte público e, con ela, unha diminución da conxestión viaria.

Así, coa fin de ofertar un transporte público de viaxeiros que conecte diversos puntos do propio concello e, ao mesmo tempo, sirva de ligazón cos servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que se veñen prestando na actualidade, o 13 de xuño de 2024, asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello de Sanxenxo, a Empresa Municipal de Turismo de Sanxenxo, S.L., e a UTE XG-626, para a implementación de medidas de fomento da mobilidade como complemento da promoción turística.

Neste marco de colaboración, púxose en marcha un novo servizo de transporte público en tempada estival de carácter municipal, dirixido, de forma específica, a atender a afluencia de demanda nos meses de verán e satisfacer as necesidades xeradas pola promoción turística levada a cabo polo concello e a empresa municipal asinantes.

O citado convenio tiña unha vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Actualmente, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello de Sanxenxo, a Empresa Municipal de Turismo de Sanxenxo, S.L., e a UTE XG-626, prevén renovar a liña de colaboración iniciada en 2024 mediante a formalización dun novo convenio. O obxectivo é



continuar coa implementación de medidas de fomento da mobilidade como complemento da promoción turística, garantindo así a continuidade do servizo de transporte público municipal en tempada estival e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

Este novo convenio manterá todos os servizos establecidos en 2024, agás o da liña XG626042 - *Poligono de Nantes-Sanxenxo-Portonovo*, que se suprime por non ter acadado os obxectivos previstos. Esta decisión baséase no compromiso das partes coa xestión eficiente dos recursos e na necesidade de adaptar a oferta á demanda observada.

O Concello de Sanxenxo, como xestor dos intereses xerais dos seus veciños e promotor de servizos públicos da máis variada índole, mantén interese en facilitar que a poboación residente no dito concello dispoña dun medio alternativo de mobilidade, de carácter colectivo, que contribúa a reducir a dependencia do vehículo particular, reducindo o seu impacto ambiental e, especificamente, os vinculados coa conxestión viaria e dos espazos urbanos.

A entidade TURISMO DE SANXENXO, S.L., é unha entidade de carácter municipal cuxo obxecto social é a planificación e xestión do desenvolvemento turístico do municipio de Sanxenxo, podendo, no marco do seu obxecto social, promover ou participar en calquera momento en actuación interadministrativas, consonte establece o artigo 47.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Como entidade municipal e atendendo ao seu obxectivo de desenvolvemento turístico, a redución da conxestión e a oferta tanto a residentes como visitantes dunha oferta alternativa de mobilidade en transporte público colectivo contribuirá a acadar os seus propios obxectivos, aportando ao conxunto da poboación, e ás persoas visitantes, un mellor contorno no que desenvolver as súas respectivas actividades.

Finalmente, a concesionaria do contrato de concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral XG626, a denominada UTE XG-626, pode formalizar convenios de colaboración con terceiros, coa conformidade da Administración, así como implantar novos servizos pola súa propia iniciativa. No presente caso, e a través do convenio que se promove, implantarase un novo servizo que mellorará a oferta que se ofrece ás persoas usuarias, mellorando as posibilidades de mobilidade, polo que os ditos servizos presentan melloras globais que xustifican a súa inclusión na





oferta da concesión, na indicada condición de oferta por iniciativa da concesionaria.

#### 4. Aspectos económicos

A ampliación da prestación de servizos non suporá un incremento do custo que asume a Administración autonómica, asumindo Turismo de Sanxenxo, S.L. o eventual déficit de explotación do servizo, nos termos concertados entre as partes e recollidos no convenio.

En canto á integración tarifaria, ao servizo resultarlle de aplicación o sistema de tarifas, bonos e bonificacións establecido para o correspondente contrato de concesión e, neste sentido, intégrase no sistema de bonificación que, en cada momento, teña activo a Xunta de Galicia.

Turismo de Sanxenxo, S.L. asume o importe do déficit de explotación do servizo, nos termos indicados no convenio; neste sentido, incorpórase no anexo III unha estimación deste importe mais, tendo en conta que no relativo aos datos de demanda a devandita previsión estímase en todo caso aproximada, as partes asumen expresamente que o cálculo das correspondentes achegas realizarase finalmente tomando en consideración os datos reais de usuarios. O importe estimado desta achega é o do seguinte cadro:

EXERCICIO	MESES	IMPORTE TOTAL
Exercicio 1	2	-64.975,87 €
<b>Total</b>		<b>-64.975,87 €</b>

A xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte

Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez

Conforme:



A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró (*documento asinado dixitalmente*)

